



En Vigo, na casa do Concello, o día vinteito de abril de dous mil dezasete,

**REUNIDAS:**

Dunha parte, Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de representante do Excmo. Concello de Vigo,

Doutra D<sup>a</sup> Fernanda García Collazo DNI núm. 36101091, como presidenta da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con CIF G36657336 e enderezo social na r/Policarpo Sanz, 10-2<sup>o</sup>B, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos.

Tendo, daquela, as comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

PRIMEIRO.- Que a violencia contra as mulleres que aínda pervive na nosa sociedade, constitúe a manifestación mais extrema da desigualdade entre os xéneros. Por iso, é necesario por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

Consciente desta necesidade, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia desde diversos dispositivos e programas municipais.

SEGUNDO.- Que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urgente, especialización de prestacións e multidisciplinariade profesional.

TERCEIRO.- Que a Concellería de Igualdade conta con recursos específicos para a atención de mulleres vítimas de violencia de xénero entre os que destaca o Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller (CMIDM) e tres vivendas de protección municipais. Estes dous servizos complementáanse e coordínanse co Centro de emerxencia municipal que



Mulleres Progresistas





xestiona o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar conxeniado co Concello de Vigo.

As tres vivendas municipais de protección están emprazadas en distintas zonas da cidade e son centros de servizos sociais autorizados pola Xunta de Galicia, que a Concellería de igualdade destina á finalidade de acoller temporalmente a mulleres maltratadas e persoas delas dependentes que carezan de suficientes recursos económicos e persoais para afrontar a ruptura de vínculos co agresor. A estadía é temporal e, durante ese período, se ofrece ás mulleres a axuda e o apoio dunha educadora familiar que contribúe a que as mulleres beneficiarias da rede consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia.

No expediente non se fai ningunha referencia ao enderezo das vivendas que integran a rede municipal por razóns obvias de seguridade e protección das mulleres acollidas e das súas fillas e fillos. Non obstante, para a súa identificación municipal cómpre indicar que os números de identificación que reflicten cada unha das autorizacións de inicio de actividade como centros de servizos sociais son as seguintes: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

CUARTO.- Este programa desenvolverase a través da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con persoal formado e especializado contratado pola devandita entidade. Mulleres Progresistas de Vigo facilitará puntualmente as instrucións e supervisión da labor realizada pola/s traballadora/s ao seu cargo adscrita/s a este programa. O persoal contratado pola asociación Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esa entidade.

QUINTO.- Que como se desprende dos estatutos e da memoria de actividades presentada pola "Asociación Mulleres Progresistas de Vigo" que se incorpora ao convenio como Anexo I, esta é e unha entidade que cumpre os fins e os obxectivos da Concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres.

SEXTO.- No obxecto do convenio concorren singulares circunstancias de interese público, social e humanitario e por tal motivo ambas partes coinciden na necesidade de establecer unha cooperación que tenda a aunar os esforzos e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento deste proxecto.

SÉTIMO.- O convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a asociación Mulleres Progresistas de Vigo queda fóra do ámbito do R.D Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, por quedar excluído no seu artigo 4.1.



Mulleres Progresistas  
Calle do Sanxo, 124  
36202 Vigo  
Teléfono 986 430 082





**OITAVO.-** A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello, segundo resulta das certificacións que obran no expediente.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar para ofrecer unha atención integral as mulleres usuarias da rede municipal de vivendas de protección, acordan outorgar o presente convenio de colaboración conforme os seguintes

## **PACTOS**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto regular o proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres maltratadas, segundo o estipulado no anexo I.

### **SEGUNDO.- OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA**

A asociación Mulleres Progresistas de Vigo desenvolverá o proxecto de intervención e apoio familiar de acordo co indicado no Anexo I, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

- a) Deseño e implementación dos itinerarios específicos de integración sociolaboral de cada unha das usuarias das vivendas, e o seu seguimento, en coordinación co equipo técnico do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
- b) Visitas periódicas ás usuarias e persoas delas dependentes durante o período que residan nas vivendas de protección co obxecto de realizar a supervisión de cada un dos proxectos: acompañamento na adquisición dos produtos de limpeza, hixiene e alimentación e noutras xestións cando sexa necesario.
- c) Actualización do libro de rexistro de cada vivenda e elaboración de informes para o adecuado seguimento da evolución das usuarias.
- d) Informar e explicar ás usuarias e persoas delas dependentes as normas de uso e cesión das vivendas municipais de protección e proporcionarlles pautas para favorecer a adquisición de habilidades sociais por parte das unidades de convivencia.
- e) Traballar en coordinación co Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller.







f) Inventariar o mobiliario e o equipamento das vivendas en cada alta e baixa que se produza.

g) Informar aos corpos e forzas de seguridade e ao Centro Municipal de información dos Dereitos da Muller de calquera situación de risco ou perigo detectado para as usuarias da rede de vivendas.

h) O persoal contratado pola Asociación de Mulleres Progresistas destinado a desenvolver este proxecto velará polo bo uso das vivendas, mobiliario e demais equipamento dos inmobles. Informará puntualmente á concellería de igualdade das baixas que se poidan producir.

i) A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo cumprirá as disposicións en vigor en relación coa/s traballadora/s , en todos os seus aspectos, incluídos os de Seguridade Social, hixiene laboral, así como o pagamento dos impostos, recargos e arbitrios que se derivan das contratacións.

k) Este programa desenvolverase a través da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con persoal formado e especializado contratado pola devandita entidade. Mulleres Progresistas de Vigo facilitará puntualmente as instrucións e supervisión da labor realizada polas traballadoras ao seu cargo adscrita/s a este programa. O persoal contratado pola asociación Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esa entidade.

l) A asociación Mulleres Progresistas de Vigo velará polo cumprimento da Lei de protección de datos na execución deste proxecto, garantindo a confidencialidade e o dereito á intimidade das usuarias e persoas delas dependentes.

m) A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo facilitará á Concellería de igualdade un informe trimestral sobre a execución do servizo e unha memoria anual.

### TERCEIRO.- VIXENCIA

O presente convenio de colaboración estará vixente durante un ano a contar desde a data da sinatura por ambas as dúas partes, sen que poidan existir prórrogas, tanto expresas como tácitas do convenio.

### CUARTO.- IMPORTE E PAGAMENTO

1. O orzamento total do proxecto ascende a 20.000,00 €, segundo se desprende do desglose de gastos que achega a entidade no seu proxecto que se incorpora ao convenio como Anexo I. Coa sinatura deste convenio o Concello de Vigo adquire o compromiso de financiarlo cunha achega de 17.950,00€ e a Asociación Mulleres Progresistas de Vigo comprométese a







cofinanciar o programa coa achega de 2.050,00€, ademais do compromiso de facilitar a incorporación a diferentes programas que leva a cabo a entidade baixo a súa iniciativa, ás usuarias do programa e a súa prole, sen custe algún para o Concello de Vigo, nin para as beneficiarias.

2. O Concello de Vigo financiará por tanto o importe de 17.950,00 € para a execución do proxecto obxecto deste convenio, que se fará efectivo distribuído do seguinte xeito: 9.000,00€ con cargo á partida “*plan municipal de igualdade*” 2311 2279906 do orzamento vixente da concellería de Igualdade e 8.950,00€ con cargo á partida “*plan municipal de igualdade*” 2311 2279906 do orzamento futuro do vindeiro exercicio económico da concellería de Igualdade, subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio 2018.

O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden por un total de 17.950,00€ (dezasete mil novecentos cincuenta euros), e abonará o importe da achega en tres partes:

a) A primeira por importe de 1.500,00 € (mil cincocentos euros) no mes de xuño de 2017, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez que se achegue o informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

b) A segunda por importe de 7.500,00 € (sete mil cincocentos euros) no mes de novembro de 2017, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez que se achegue o informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

c) A terceira por importe de 8.950,00 € (oito mil novecentos cincuenta euros) no mes de xuño de 2018, previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez que se achegue o informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

Os abonos realizaranse contra a presentación dos documentos que acrediten a realización do gasto. Estes documentos se presentarán no Rexistro Xeral dirixidos ao servizo de igualdade. A xefa do servizo de igualdade informará sobre o cumprimento do convenio.

#### QUINTO.-XUSTIFICACIÓN

A asociación Mulleres Progresistas de Vigo deberá xustificar os pagos coa presentación de facturas e xustificantes orixinais de gastos que poden incluír, entre outros, os seguintes gastos: salarios, telefonía, formación e desprazamento do persoal adscrito ao proxecto, adquisición e reposición de axuar e equipamento da rede de vivendas, etc.







#### SEXTO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

A vixilancia e o seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada pola Concelleira de Igualdade, a presidenta da asociación Mulleres Progresistas, a xefa do servizo de igualdade e a educadora familiar, ou persoas en quen deleguen. A dita comisión terá como funcións: o seguimento e no seu caso proposta do proxecto de intervención, a avaliación dos resultados da execución do convenio e propostas de mellora, actividades, e a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

#### SÉTIMO.- PUBLICIDADE

Atendendo ao establecido pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, o Concello de Vigo rexistrará e dará publicidade da aprobación deste convenio no Portal de Transparencia do Concello de Vigo con indicación do seu importe, obxecto e entidade beneficiaria.

#### OITAVO.- INCUMPRIMENTO DOS PACTOS

Calquera incumprimento das estipulacións establecidas neste convenio, a entrega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto para fins distintos dos estipulados, terán carácter liberatorio para o Concello respecto dos compromisos contraídos, en especial, dos de carácter económico e dará lugar á rescisión automática do presente convenio e á devolución das cantidades percibidas.

#### NOVENO.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1.- A entidade Asociación Mulleres Progresistas de Vigo está informada de que os seus datos e os da súa representante serán incorporados aos ficheiros municipais;

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

3.- A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.







DÉCIMO.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ao abeiro do establecido no R.D Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, polo que se rexerá pola súa normativa específica, aplicándose os principios da LCSP para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, pola Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa; polos pactos que se conteñen neste convenio, as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativo a competente para a súa resolución.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano por triplicado exemplar no lugar e data indicado.

O ALCALDE

Abel Cabellero Álvarez



A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN  
MULLERES PROGRESISTAS

Fernanda García Collazo





ANEXO I

**PROXECTO DE  
INTERVENCIÓN E  
APOIO FAMILIAR COAS  
USUARIAS DA REDE  
MUNICIPAL DE  
VIVENDAS DE  
PROTECCIÓN PARA  
MULLERES VÍTIMAS DE  
VIOLENCIA DE XÉNERO**



**Mulleres Progresistas**

6



Mulleres Progresistas

**PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR NAS VIVENDAS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN**

**DENOMINACIÓN DO PROXECTO**

**Proxecto de Intervención e Apoio Familiar coas Usuarias da Rede Municipal de Vivendas de Protección para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero.**

**ENTIDADE SOLICITANTE**

**Asociación Mulleres Progresistas de Vigo  
C.I.F. G- 36.657.336**

**INTRODUCCION**

A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, constitúese en Xaneiro de 1988 para a consecución da igualdade de oportunidades e trato para as Mulleres, dereito fundamental para participar no desenvolvemento e progreso dunha sociedade libre e democrática. Desde entón ven desenvolvendo diferentes actividades a prol dese obxectivo tanto no concello de Vigo como no ámbito autonómico.

**OS PROGRAMAS DESENVOLVIDOS NA ACTUALIDADE SON:**

- ① **SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA**
  - Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.
- ① **PROGRAMA DE EDUCACIÓN BÁSICA DE PERSOAS ADULTAS**
  - Concellería de Educación do Concello de Vigo.
- ① **PREMIOS DE MICRORRELATO MULLERES PROGRESISTAS**
  - Concellería de Igualdade do Concello de Vigo
- ① **SERVIZO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO XERAL PARA AS MULLERES**
- ① **CURSO DE FORMACIÓN PARA COIDADORAS INFANTÍS (Curso Anual).**
- ① **PROGRAMA DE ACTUALIZACIÓN DOCENTE PARA AS PROFESORAS DE EDUCACIÓN BÁSICA PARA PERSOAS ADULTAS (programa anual).**
- ① **SERVIZO DE ACOMPAÑAMENTO DE NENOS/AS ATÉ O COMEZO DAS CLASES (ANPA-COLEXIO XAVIER SENSAT) (ANPA-COLEXIO PINTOR LAXEIRO)**
  - ANPA do Colexio Xavier Sensat/ ANPA do Colexio Pintor Laxeiro



**Concello de Vigo**





Mulleres Progresistas


**PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR NAS VIVENDAS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN**

- ① **SERVIZO DE KANGUROS PARA DIVERSOS COLEXIOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE VIGO**
- ① **PROXECTO DE OBRADOIROS DE COEDUCACIÓN, ENCONTROS DE ENSINO E OUTRAS ACTIVIDADES DE COEDUCACIÓN NO CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DA CIDADE CON ELABORACIÓN DE MATERIAIS DIDÁCTICOS**
  - Concellería de Igualdade do Concello de Vigo
- ① **PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR COAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**
  - Concellería de Igualdade do Concello de Vigo

**XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO:**

Atendendo ao obxectivo xeral da asociación, así como a traxectoria desenvolvida, formúlase este novo **proxecto de Intervención e Apoio Familiar coas Usuarias da Rede Municipal de Vivendas de Protección para Mulleres vítimas de violencia de xénero**. Consideramos a intervención coas familias nese proceso de integración sociolaboral e de apoio como outra das dimensións esenciais nese fomento da igualdade de oportunidades desde a disponibilidad dunha figura de apoio nesa transición a unha vida autónoma.

A base do proxecto continúa a ser a educadora familiar con cargo á Asociación de figura "ponte" entre o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, quen desenvolverá as súas funcións coas usuarias das vivendas e as propias familias na utilización deses espazos e no seu proceso de integración sociocomunitaria posterior a esa situación de violencia de xénero, segundo os parámetros da Concellería de Igualdade. Constitúese esa educadora como unha figura itinerante entre as diversas vivendas e por tanto, en continua conexión tanto coa Concellería de Igualdade como coas propias usuarias mediante un número de móbil permanentemente operativo para garantir a máxima atención. Recoñécese por tanto en todo momento a función directiva da Concellería de Igualdade, quen determinará as usuarias que poden usar esas vivendas, así como o seu tempo de permanencia, dun máximo de un (1) ano, e as pautas de intervención coas mesmas.



PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR NAS VIVENDAS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN

OBXECTIVOS:



Sendo o obxectivo xeral dun recurso como as vivendas de protección proporcionar a protección e as condicións adecuadas para a recuperación persoal e a reorganización da vida de xeito autónomo das mulleres e as súas crianzas vítimas da violencia de xénero, establecemos os seguintes obxectivos específicos deste servizo de intervención e apoio familiar:

- ✎ Desenvolver un seguimento e valoración da evolución sociopersoal das usuarias das vivendas e os seus fillos e fillas segundo as pautas establecidas polo Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
- ✎ Propoñer accións a prol de inserción atendendo a situación de cada usuaria consonte a súa situación e dinámica amosada na vivenda.
- ✎ Servir de canle de comunicación, por unha banda, das situacións específicas das usuarias e por outra das directrices da Concellería de Igualdade a través do seu Centro de Información e conforme ás directrices por este sinaladas.
- ✎ Actuar como apoio profesional das usuarias e as súas familias no desenvolvemento dos seus proxectos sociolaborais e convivenciais (orientación, información, etc.).
- ✎ Acadar un uso das vivendas conforme a unhas mínimas normas de funcionamento co que iso supón de preparación para unha vida autónoma.
- ✎ En xeral, calquera outro orientado á consecución dunha integración sociolaboral das usuarias e as súas familias ao marxe da súa situación anterior de violencia mediante o uso dos recursos sociais da zona.

PROFESIONAL E FUNCÍONS A DESENVOLVER:

A figura base deste proxecto de intervención por parte de Mulleres Progresistas é a **educadora**, cunha titulación universitaria en Educación Social, ou Traballo Social ou Pedagogía, formación complementaria en Xénero e con experiencia no eido da Igualdade de Oportunidades, o traballo con Mulleres e os Servizos Sociais. Seguindo en todo momento as directrices establecidas pola Consellería de Igualdade, desenvolverá as seguintes funcións:

Mulleres Progresistas






**PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR NAS VIVENDAS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN**

- ✓ Informar das condicións e normas de uso das vivendas de protección ás usuarias así como a supervisión da súa correcta utilización.
- ✓ Realizar o seguimento individualizado das usuarias e as súas familias, atendendo as súas condicións sociorrelacionais e laborais a través dun contacto continuado coa súa realidade cotiá mediante visitas domiciliarias e entrevistas. Informar puntualmente á responsable do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e da Concellería de Igualdade da situación e evolución das usuarias e as súas familias nas diferentes vivendas de protección.
- ✓ Artellar coas usuarias e en coordinación coa traballadora social do CMDIM os diferentes itinerarios de integración sociolaboral así como implementar as correspondentes actuacións. Actuar como figura de apoio no desenvolvemento dos respectivos proxectos sociolaborais, formativos, etc. (información, asesoramento, etc.).
- ✓ Ser referencia permanente desas mulleres e as súas familias usuarias das vivendas no período de permanencia nas mesmas.
- ✓ Desenvolver estratexias para a adquisición e fortalecemento de habilidade sociais das usuarias.
- ✓ Promover as pautas para unha vida autónoma.
- ✓ Calquera outra función sinalada pola Concellería de Igualdade e relacionada cos obxectivos do posto que contribúa ao desenvolvemento da autonomía das mulleres e as súas familias.

As devanditas funcións levaranse a cabo mediante o desenvolvemento das seguintes:

**ACTIVIDADES E TAREFAS:**

- × Visitas e entrevistas periódicas de seguimento ás usuarias e ás súas familias nas diferentes vivendas de protección.
- × Información e supervisión do seguimento das normas de funcionamento das vivendas por parte das usuarias.
- × Reunións periódicas co equipo profesional do CMIDM, onde se informará da evolución das usuarias e se marcarán as pautas de intervención con estas. Tamén contemplamos canta reunión de carácter prioritario ou urxente se poida establecer pola propia dinámica do servizo desde ese centro do Concello, así como pola propia Concellería de Igualdade.
- × Entrevistas coas usuarias para sinalar os pasos dos seus respectivos itinerarios de inserción e onde se determinarán as





**PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR NAS VIVENDAS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN**

súas capacidades e potencialidades, os obxectivos a alcanzar, así como os recursos necesarios para os mesmos, sempre atendendo as pautas prefixadas polo equipo profesional do CMDIM.

- × Traballo individualizado coas familias orientado á consecución e fortalecemento das habilidades sociais, á formación en igualdade e á resolución pacífica de conflitos e rexeitamento da violencia.
- × Seguimento e apoio das diferentes actividades desenvolvidas polas mulleres e as súas familias nese proceso de integración sociolaboral: acompañamento aos centros educativos, de saúde, organismos oficiais... e entrevistas con outros/as profesionais implicados/as nese proceso cando sexa necesario e sirva para promover ese proceso de autonomía das usuarias.
- × Actividades de información e asesoramento dos diferentes recursos culturais, formativos e educativos, etc.
- × Conexión permanente mediante teléfono móbil da educadora á que as usuarias e as súas familias poderán chamar para asuntos relacionados coa dinámica das vivendas e dos seus plans de integración, posibles urxencias, etc. a calquera hora do día e incluída a fin de semana.
- × Apoio á inserción laboral desas mulleres mediante información dos recursos laborais e formativos, acompañamento a organismos como Oficinas de Emprego, Centros Ocupacionais, etc., cando as circunstancias así o fagan recomendable e sempre promovendo a autonomía das usuarias.
- × Apoio á participación social e cultural das mulleres e as súas familias mediante información dos diferentes eventos e recursos da zona.
- × Realización coa usuaria de compras periódicas de produtos de primeira necesidade ao cargo do Concello e promoción de hábitos de alimentación equilibrada, hixiene e limpeza.
- × Redacción de informes e canto outro documento se estableza coa Concellería de Igualdade para o adecuado seguimento da evolución das usuarias.
- × Supervisión do estado das vivendas nos períodos nos que non estean ocupadas.
- × Control do mantemento das vivendas (reparacións, melloras...).
- × Tarefas puntuais nos diferentes recursos da comunidade que contribúan ao desenvolvemento do programa (compras, xestións, etc.).

Mulleres Progresistas  
Concello de...

PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR NAS VIVENDAS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN

TEMPORALIZACIÓN:

A duración deste proxecto é por un (1) ano cun ámbito de intervención nas tres vivendas de protección para mulleres e fillos/as de que o Concello de Vigo dispón, iniciándose o 1 de maio de 2017 e rematando o 30 de abril de 2018.

RECURSOS DO PROXECTO:

O recurso básico para este programa son as tres vivendas de protección do Concello de Vigo e nas que as mulleres e as súas fillas e fillos poderán permanecer seis meses cunha prórroga por outros tantos meses até un tempo máximo dun ano. O acceso e o tempo de permanencia virá por tanto marcado pola responsable dese equipamento como é a Concellería de Igualdade.

Polo que se refiren aos recursos humanos e xa directamente relacionados con este programa de intervención, a **educadora** terá unha relación contractual coa Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo pero o seu traballo se desenvolverá conforme ás directrices marcadas pola Concellería de Igualdade e de xeito máis operativo, polo equipo profesional do CMIDM, desenvolvendo as diferentes funcións e tarefas anteriormente indicadas por un tempo de 20 horas semanais. Así mesmo, o persoal administrativo da Asociación realizará as diferentes tarefas burocráticas necesarias para o traballo cotián da súa profesional.

En canto a recursos materiais e institucionais, este programa procurará funcionar cos existentes no contorno, se ben debe contemplarse tamén a necesidade de adquisición de materiais funxibles, etc. necesarios para o desenvolvemento do mesmo.

AVALIACIÓN:

Parte imprescindible neste proxecto é a avaliación, tanto a referida á evolución da situación das usuarias e das súas familias como á do propio funcionamento do programa e da profesional que o leva a cabo.

As entrevistas de seguimento coas usuarias así como a posta en funcionamento de distintas ferramentas de avaliación *ad hoc* (enquisas, listas de cotexamento...), xunto coas correspondentes reunións co equipo profesional do CMDIM deberían servir para ter en todo momento cumprida información sobre o traballo realizado fronte ás metas prefixadas.



Mulleres Progresistas

**PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR NAS VIVENDAS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN**

Polo que se refire á avaliación do funcionamento do programa, pódense considerar como ferramentas avaliativas as propias entrevistas de seguimento a manter coa profesional do CMDIM onde de xeito estruturado se analicen as diferentes actuacións desenvolvidas consonte aos obxectivos prefixados así como a enquisa final que se pasará ao final da estancia das usuarias, máis outros instrumentos de avaliación que se decidan implementar.

Estes procesos avaliativos terán en todo momento a condición de reformulación da actuación profesional cara á consecución dos obxectivos.

Vigo, 5 de abril de 2017

A presidenta

Mulleres Progresistas

M<sup>a</sup> Fernanda García Collazo

01 24444444 2444 4444

b

**PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR NAS VIVENDAS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN**

**1. PRESUPOSTO DO PROXECTO:**

O desglose dos custos segundo os diferentes conceptos sería o seguinte:

CONCEPTO	EUROS
Educadora familiar, con titulación universitaria de grao medio, con contrato de 20 horas semanais (impostos, Seguridade Social e demais gastos sociais incluídos)	15.990,00 €
Coordinación (coordinación puntual dos labores da educadora a través da figura dunha coordinadora da Asociación Mulleres Progresistas, encargada de dar instrucións de traballo á educadora, elaboración de memorias e xustificacións económicas)	1.700,00 €
Gastos anuais de transporte	800,00 €
Gastos xerais, materiais e administrativos, incluíndo: telefonía, luz, aluguer, reposición de enxoval, equipamentos e materiais funxibles, etc.	1.510,00 €
<b>TOTAL.....</b>	<b>20.000,00 €</b>

**2. FINANCIAMENTO DO PROXECTO:**

O **Concello de Vigo** aportaría ao proxecto un total **17.950,00 euros** para o seu desenvolvemento no período comprendido entre o 1 de maio de 2017 e o 30 de abril de 2018.

A **Asociación Mulleres Progresistas**, como órgano xestor das actividades comprométese a achegar como contribución ao financiamento deste programa a cantidade de **2.050,00 euros**.

**3. OUTRAS CONTRIBUCIÓN DA ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS**

O desenvolvemento do Programa de Intervención e Apoio Familiar nas Vivendas Municipais de Protección para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero por parte da Asociación Mulleres Progresistas aporta ao mesmo un claro contido a prol da igualdade, característica da propia filosofía fundacional da agrupación e meta básica formulada nos seus Estatutos.



Mulleres Progresistas

**PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR NAS VIVENDAS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN**

Tanto na programación, como na implementación e na propia execución está sempre presente a integración da usuaria como suxeito de pleno dereito da sociedade, con total capacidade para dirixir a súa vida e desenvólvela de xeito autónomo e non como mera receptora dunha serie de prestacións e servizos pola súa condición de vítima da violencia de xénero. A súa atención, así como a da súa familia, por tanto, comporase de todos aqueles elementos que possibiliten dito fin nos diversos eidos como o formativo e educativo, o laboral ou o propio das habilidades sociais. Para isto, a Asociación oferta, sen custo algún para a usuaria nin para o Concello de Vigo, un grupo de prestacións globais, aparte da súa profesional específica, como son:

- **Programa de Educación Básica para adultas/os**, para a adquisición das habilidades básicas de lectoescritura, cálculo e coñecemento do contorno para aquelas persoas que carezan das mesmas.
- **Servizo de Kanguros do Plan de Inclusión Social**, atención dos/as menores a cargo, pra facilitar un tempo propio á nai para desenvolver as diversas actividades de busca de emprego, formación, etc. que faciliten a súa integración sociolaboral.
- **Servizo de Asesoramento e Información Xurídica**, onde se le informará e orientará dos distintos aspectos da lei que lle afecten.
- **Servizo de Información Xeral de Recursos Específicos**, de interese para ese fin da igualdade das mulleres (equipamentos, profesionais, programas, etc.)

A handwritten signature in blue ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke, located in the bottom right corner of the page.